Chamaecyparis pisifera (Siebold & Zucc.) Endl., 2010

- ciprés de Sawara, alcipreste de S.
- ciprés de Sawara, c. de Hondo, c. pisífero, c. de guisante
-
- xiprer Sawara
- Sawara cypress
- cipreste-de-Sawara



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISIÓN	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Tracheophyta	**Pinopsida**	**piñales**	**Cupressaceae**	***Chamaecyparis***

ORIXE

Rexións temperadas de Asia oriental.

CARACTERÍSTICAS

Conífera perennifolia de crecemento lento que acadaunha altura de 35 a 50 m. O tronco pode chegar ata os 2 m de diámetro. Codia parda, fisurándose en longas tiras verticais co tempo. Copa cónica, a miúdo ampla a partir dun tronco bifurcado. Pólas horizontais, pero poden dobrarse cara a abaixo e presentárense acodadas na base. As follas adultas son escamentas, acuminadas e rematadas nunha punta fina curvada, de cor verde clara brillante na face e verde con manchas brancas no envés. As flores masculinas son diminutas, de cor parda pálida, e dispostas no extremo dos acios; liberan o pole no mes de abril. As flores femininas aparecen agrupadas por detrás das masculinas, de cor verde agrisada e forman ao maduraren piñas globulosas, pardas, cun diámetro de 4 a 8 mm.

HÁBITAT

Distribución dispersa nos bosques e en lugares húmidos (preto de regatos de montaña ou en ocos con augas subterráneas preto da superficie). É un compoñente minoritario nos bosques mixtos de coníferas e anxiospermas. Dende 280 a 2600 m de altitude.

DISTRIBUCIÓN

Introducida e cultivada en varias partes do mundo, incluíndo rexións de Europa do leste, Asia occidental e zonas temperadas tanto occidentais como orientais.

CURIOSIDADES

Esta especie ten unha fonte limitada de madeira, pero cultívase amplamente como ornamental. Do mesmo xeito ca outros membros do xénero, a madeira é valorada no Xapón para traballos de construción tradicionais, pero a súa relativa escaseza limita o seu uso comercial.